

HOMENAXE DA ASOCIACIÓN "ROBANDEIRA"

No verán do 2004 a Asociación D.C. Rabandeira fíxonos unha homenaxe aos membros do galeón <Joaquín> con motivo da botadura, no porto de Vilanova de Arousa, do "Nuevo Sofía", un galeón que repararan en O Grove.

Por desgracia, aos poucos días da homenaxe, finou o último patrón de Costa, con preto de 100 anos, Joaquín García Rodríguez. Mandara o "Industrial", veleiro de dous paos da empresa "Abalo, Ozores y Compañía" de Vilanova.

Coa información que lle facilitamos, a Asociación Rabandeira realizou un pequeno traballo na Revista de Cultura Marítima, con motivo do VI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia que se celebrou na Illa de Arousa do 2 ó 6 de xullo de 2003, co título de **"GALEÓNS DE VILANOVA DE AROUSA. Protagonistas da compra a flote nas Rías Baixas"**

Dito artigo paso a escribilo aquí e á vez facer un comentario sobre as fotos que o ilustran.



GALEÓNS DE VILANOVA DENTRO DA DÁRCENA, 1930

GALEÓNS DE VILANOVA DE AROUSA PROTAGONISTAS DA COMPRA A FLOTE NAS RÍAS BAIXAS

Por: José Luis Iglesias García

Asociación D.C. Rabandeira. Vilanova de Arousa.

Foto 1



TRIPULANTES DO GALEÓN «JOAQUÍN» FONDEADO Ó FÉ DO MONTE LOURO, ANOS 40

O porto de mar de Vilanova de Arousa deu abrigo á maior flota de galeóns que se dedicaban á compra de sardiña a flote para abastecer ás máis de vinte fábricas de salgazón que había na primeira metade do século pasado na vila.

Aqueles galeóns desprazábanse por todo o litoral dende Fisterra ata Baiona (sur). Aquelas costas estiveron adornadas durante moitos anos polas velas daqueles galeóns, que carrexaron milleiros de toneladas de sardiñas e xoubas nas súas adegas para as fábricas de salgazón.

¹O seu autor, José Luis Iglesias García, deu permiso para que eu o volvera a publicar nesta revista.

Foto 2

DESCARGA DO GALEÓN «JOAQUÍN» PARA A FABRICA DE SALAZÓN
DE D. JUAN GONZÁLEZ POMARES, NOS ANOS 40



RÍA DE MUROS

A campaña de compra da sardiña soía comezar por Santa Marta no mes de xuño, xa que nese mes a sardiña xa tiña graxa. Os galeóns, xa arranxados, saían do porto con rumbo a Muros. Ó chegar, segundo o vento que fixese, buscábase un abrigo, ben fose Montelouro por dentro da ría e, se afrescaba ó nordeste, ó oeste de Montelouro na praia de Area Maior, que eran os dous fondeadoiros principais de compra. Os galeóns facían garda esperando polas bucetas de Muros e polas lanchas xeiteiras de Noia. Ao meterse a noite, izaban un farol de carburo ao pao do galeón, para que foran vistos polos xeiteiros e durante toda a noite aquilo era un clamor chamando dende o galeón ¡ A BORDO ! ¡ A BORDO !

Os xeiteiros pouco a pouco ían chegando. Procurando o mellor prezo, sempre preguntaban, ¿A como paga patrón?. Pouco a pouco, íanse cargando as adegas.

Co lance da luxada ao ir clareando o día ían chegando á praia da Area Maior as motoras do cerco, de Portosín e Porto do Son cargadas a plan de sardiña.

Sempre había algúns galeóns agardando por elas. Sempre se vía pasar algún galeón cargado. Ao rematar a faena coas adegas cheas e se o vento era propicio, ían enfiando cabo Corrubedo, facendo camiño para Vilanova e senón esperaban pola brisa do verán (Garroa).

No mes de setembro, xa que a sardiña viña máis para o sur, os galeóns ían comprar ás lonxas de Cangas, Vigo ou Baiona agardando polas motoras do cerco de Baiona e Cangas. Estas, ás veces chegaban a Leixoes para pescar sardiña.

Isto foi vivido polos tripulantes do Galeón “Joaquín” de Vilanova de Arousa, FOLIO. 4.451.L-3-LTA.3ª .

A comezos dos anos 40 o patrón era o Sr. Marcelino Chazo Martínez de Vilanova de Arousa e o motorista o seu fillo Manuel Chazo Cores, ao que lle agradecemos a información.

Foto 1.- Acababamos de fondear, viñamos de Fisterra e as xardas viran a sombra do galeón e xurdiron coa fame que tiñan. Puxémonos a pescalas, viñan a pares, en pouco tempo deixamos de pescar, xa non queriamos máis. A foto foi sacada por un mestre de Vilaxoan dende a popa do barco. Manuel e Marcelino Chazo ao fondo.

Foto 2.- Descarga do Galeón “Joaquín”. Manuel Chazo de pé sobre a borda, agochado Marcelino Chazo Martínez, pai de Manuel. Anos 40.